Máis de 1.200 persoas participaron no 2017 nas iniciativas de concienciación ambiental realizadas polo Complexo Medioambiental do Barbanza

A planta de Lousame recibiu o ano pasado máis dun cento de visitantes que coñeceron, de primeira man, o tratamento de residuos e compostaxe

O complexo impartiu, en colaboración con Adega, 63 obradoiros de educación ambiental que contaron con 1.100 participantes

Lousame, 14 de abril de 2018

O **Complexo Medioambiental de tratamento de residuos da Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza** levou a cabo o ano pasado diferentes accións de concienciación ambiental nas que participaron máis de 1.200 persoas. O compromiso do complexo coa contorna, e en particular cos veciño da Serra do Barbanza, é unha constante que leva demostrando dende os inicios da súa posta en marcha no 2003, por iso, o complexo realiza cada ano distintas actividades educativas para achegar á veciñanza tanto a súa labor no tratamento e xestión de residuos como para fomentar as prácticas sostibles.

Unha das iniciativas que o Complexo Medioambiental Serra do Barbanza posibilita é a visita ás súas instalacións de Servia, en Lousame. Unha proposta na que permite coñecer de primeira man o tratamento dos residuos e a elaboración de compost que levan a cabo no recinto. Só o ano pasado un total de 136 persoas coñeceron as instalacións e a xestión dos residuos grazas a estes percorridos guiados por persoal especializado do complexo. A maior parte dos visitantes procedían dunha decena de centros educativos así como de diferentes entidades da xeografía galega.

Obradoiros ambientais

O Complexo Medioambiental Serra do Barbanza tamén impulsa, dende hai 13 anos, en colaboración coa asociación ecoloxista Adega, o programa de acción educativa "*O lixo dende o teu Concello"*, destinado a entidades e centros de ensino da Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza. Este programa permite incidir na importancia da boa separación do lixo na súa orixe, xa que a colaboración da veciñanza neste proceso permite logo acadar unha xestión eficaz e eficiente do lixo, facilitando así o tratamento posterior no Complexo Medioambiental Serra do Barbanza.

No marco deste programa no 2017 leváronse a cabo 63 obradoiros nos que participaron unha ducia de centros de ensino e 17 asociacións ou entidades de distinta índole. Nestes talleres, que consistiron nunha primeira parte teórica ou charla introdutoria sobre a temática a tratar seguida dunha parte práctica ou obradoiro, participaron un total de 1.100 persoas con perfís moi diferentes. Estas sesións son impartidas por educadores ambientais de xeito dinámico e participativo e adaptándose ás necesidades do colectivo ó que vai dirixido. Ademais, os obradoiros abranguen unha ampla variedade de prácticas sostibles e dinámicas relacionadas coa valorización e tratamento de residuos, como a construción dun composteiro, a elaboración de compost, a reciclaxe de papel así como o análise da bolsa do lixo ou a substitución dos elementos tóxicos que podemos ter no fogar ou a busca de novos usos para os residuos, entre outros.

Máis de 1.000 obradoiros e 5.000 visitantes

Dende os seus comezos, o Complexo Medioambiental Serra do Barbanza apostou por unha política de transparencia que incluía dar a coñecer á cidadanía a súa xestión de residuos mediante o programa de visitas guiadas ás instalacións. Nestes 15 anos que o complexo leva operativo, preto de 5.000 persoas visitaron a planta, procedentes de diferentes centros de ensino, universidades, asociacións e entidades de toda Galicia.

O balance das actividades de educación ambiental desenvolvidas de forma conxunta con Adega dende 2005 dentro do programa "O lixo dende o teu Concello" tamén amosa o interese demostrado entre a cidadanía por este tipo de propostas que afondan no

respecto ó medio e en prácticas sostibles. Nestes 13 anos impartíronse máis de 1.000 obradoiros cunha media de 20 participantes por taller.

Campaña informativa

O Complexo Medioambiental Serra do Barbanza inicia agora unha campaña informativa para amosar á cidadanía, de primeira man, a importancia do sistema de xestión de residuos que levan a cabo, baseado na compostaxe e na valorización. Un proceso no que a colaboración cidadá, cunha separación axeitada dos residuos, é fundamental.

Esta campaña conta con distintas ferramentas como a posta en marcha dunha páxina web, www.cmserradobarbanza.gal, na que coñecer o complexo, así como a xestión de residuos que realizan. Este espazo tamén busca resolver dúbidas dos cidadáns sobre a separación do lixo para permitir unha maior taxa de recuperación. Ademais, este soporte dixital tamén ofrece a posibilidade de solicitar a visita ás instalacións ou a participación en obradoiros ambientais.

Este esforzo por dar a coñecer o tratamento dos residuos é unha aposta do Complexo Medioambiental Serra do Barbanza por seguir mellorando no servizo que leva ofrecendo dende hai case 15 anos.

O Complexo

O Complexo Medioambiental de tratamento de residuos da Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza comezou a funcionar no 2003 coa misión de acadar as mellores taxas de reciclaxe e o máximo respecto ó medio ambiente. Os principais obxectivos desta planta son a xestión integral dos residuos domésticos dos concellos da Mancomunidade da Serra do Barbanza a través da compostaxe de materia orgánica e a recuperación de materiais para a súa reciclaxe en base ó principio de proximidade (realizar o tratamento dos residuos na área máis próxima posible a onde se producen).

A planta de Lousame ten as mellores taxas de recuperación de envases por habitante de España. En 2017, recibiu 30.000 toneladas de residuos orgánicos, inorgánicos, vidro,

papel, cartón, vexetais e enseres domésticos procedentes dos nove concellos nos que opera. Nese ano recuperáronse 8.000 toneladas de residuos inorgánicos destinadas a reciclaxe, o que equivale a 93 quilos/habitante e ano e compostáronse 3.000 toneladas de materia orgánica, equivalentes a 35 quilos/habitante e ano.

O Complexo Medioambiental do Barbanza ofrece servizo a nove concellos (Lousame, Porto do Son, Brión, Carnota, Muros, Rois, Pontecesures, Ames e Noia) cunha poboación total de aproximadamente 86.000 habitantes e abarca unha superficie de actuación de 625 quilómetros cadrados.